

Benquerido amigo Manolo:

Hai 25 anos emprendiche una longa viaxe cara o Alén, acompañado polo asubio dun merlo voador que che indicou o carreiro infindo da lonxanía. As mans de Irene, a túa dona e os teus fillo Enrique e Santi acariñaban a túa que acenaba mainamente, co xeito inconfundible dun “ata sempre”, e o cartafol que apreixabas, cheo de pensamentos e ideas, ciscouse co vento e os máis achegados recollimos a mensaxe espallada, para coidala e ofrecerlas ós que teñen curiosidade.

Ti sabes que eu manteño que ninguén se “perde no tempo”, nin “esmorece na indiferencia”, si é recordado polas súas obras e actitude, e ti, benquerido amigo Manolo, “poeta obreiro”, coma alguén te chamou e defensor da cultura, cumpliche s dabondo con esas premisas. Levamos 25 anos engadindo no noso fardel, con natural serenidade, as conviccións que defendiches, adaptándonos ás transformacións fermentadas en conceptos dun pasado no que ti traballaches.

E aquí estamos , rendíndoche homenaxe, lembrándote con emoción, revisando o teu legado, deténdonos nos teus degoiros de xustiza social, no teu quefacer, nas túas propostas, vixentes na actualidade e nesa inquedanza está incluída Galicia, factor indiscutible das túas preocupacións. O teu labor comprometido a prol da Terra, acrecentase no percorrer dunha sociedade que intentan globalizar e que ti xa albiscaches no trasfegar da fábrica.

Soubeches conxugar magníficamente, como soamente o saben facer os emigrantes, o xardín dos teus recordos de nacencia –a benamada Paradela- coa benquerida Barcelona, terra de acollida e forxadora da túa personalidade. Soubeches convivir sen enfrontar, soubeches participar respectuosamente.

Como espírito sensible navegaces a cotío pola vida, con ideas claras, lapis e papel en man, neste mundo sorprendente, e a tenrura filtrouse nos sentimentos de amor e humildade e cantaches á auga, ás frores, ás árbores e o verde da paisaxe cuallou as bágoas nos nosos ollos e a natureza non che foi allea. E agromou a planta que Manolo sementou e creceu una póla que foi evolucionando e transformouse nun fermoso violín para que o seu neto, arrinque das cordas, as notas musicais que compasarán a beleza dun mundo mellor que o avó soñou.

Como amigo conquistaches o aprecio de “irmán na Terra”, porque eras – eres, un home de ben, un galego que a través da escrita e da palabra practicaches a solidariedade e limpa amizade.

Nese tecido coñecín a MANOLO ORESTE RODRIGUEZ LOPEZ e valorei o seu traballo, nun amplo abano literario, e cando se tronca a miña ruta, nalgunha estrela, gustaríame seguir con el e outros irmáns máis, esa conversa de esperanza que hai anos comezou, sinal de que os nosos proxectos non eran una quimera.

Iolanda Díaz Gallego.

Barcelona, maio do 2015